



LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º ESO

Exercicios

- Le atentamente os seguintes textos

Texto A	Texto B
<p>A fonte de Ana Manana</p> <p>Ana Manana era a Raíña dunha fonte preto do Pozo do Meimón, na estrada de Ourense a Castrelo.</p> <p>–¡Ana Manana!, ¡Ana Manana!, ¡Ana Manana!, – por tres veces chamouna un home para darlle un queixo con picos, encargo ó que se comprometera ante un señor moi luxoso que o abordara cando ia de camiño a Castela para segar.</p> <p>Ela a cambio daríalle un tesouro que o faría rico. Mais o home pasa antes pola súa casa, e a súa muller morde un extremo do queixo sen que el se dese conta, e cando a Raíña se fai presente trala invocación, dille que xa non pode haber trato daquela, pois o queixo non era tal senón un cabalo branco, que agora está coxo, e xa non se pode ir nel.</p> <p>Enrabechada por ter que quedar na fonte dálle un regalo: un refaixo para a muller, mais o home ponllo antes a unha sobreira que había alí, que comezou a arder de contado, co que salva a súa dona e con ela á súa casa.</p>	<p>Mingos ten xenio</p> <p>Había unha vez un matrimonio no que a muller lle pegaba con moita frecuencia ao home.</p> <p>Un día o home, chamado Mingos, viu vir a súa muller cun pau na man para pegarlle. Saíu correndo e meteuse debaixo da artesa, e cando chegou ela empezou a chuzalo coa vara e a dicirlle:</p> <p>–Sae de aí Mingos! Sae que se non saes vaiche ser peor! O home desde debaixo da artesa respondía: –Non saio, non! Non saio! –insistía– que algunha vez ha de ter xenio Mingos!</p>

Os dous son relatos **tradicionais, breves, de transmisión oral**. Vexamos agora as diferenzas: Responde:

Texto A	Testo B
1. Transcorre nun lugar concreto? Cal?	1. Transcorre nun lugar concreto?
2. Ten personaxes con poderes sobrenaturais? Cal/cales?	2. Transcorre nun tempo determinado?
3. Combina realidade con fantasía. Explica que feitos poden ser reais e cales fantásticos.	3. Ten personaxes con poderes sobrenaturais?
4. Ten como finalidade explicar o nome de algo ou simplemente entreter? (fíxate no título)	4. Ten como finalidade explicar algo, entreter, transmitir unha ensinanza ?
É un conto / É unha lenda (subliña a opción correcta).	É un conto / É unha lenda (subliña a opción correcta).

Redacta agora unha resposta:

- O texto A é por
.....
.....
- O texto B é por
.....
.....

Repaso de determinantes e pronomes:

1. Analiza morfoloxicamente as palabras subliñadas. Recorda que se é unha contracción debes dicir que clase de palabra son os dous elementos.

Perspectiva

Antes, cando era máis novo, apenas me fixaba neles, xa que **no** zoo había traseiros femininos e **outras** cousas máis excitantes que observar **aqueles** espécimes. Pero agora, **coa** calma que dan **os moitos** anos, gústame velos aló tras os barrotes, sentíndome seguro.

Resultan moi curiosos. **Algúns** son asombrosamente parecidos a nós: o **seu** camiñar bípede, as mans con **cinco** dedos, e os seus xestos e expresións que me resultan tan familiares. En particular os berros das femias recórdanme moito os da **miña** especie.

E as crías... que tenrura!, mesmo a min me resultan atractivas. Os cachorros de **calquera** liñaxe parecen deseñados para provocaren instintos de protección.

Sei que moitos non compartirán **as** miñas opinións, que argüirán que somos moi diferentes, a pesar de que está comprobado cientificamente que chimpancés e humanos teñen o 98.4% dos xenes iguais.

Se cadra habería que dicir que tamén houbo unha idade en que **o** home escravizaba os **seus** semellantes, ou en que se consideraba que as mulleres non tiñan alma. Ha de ser cuestión de tempo.

En todo caso eu xa non o verei. Alégrome polas xeracións vindeiras, que quizais no futuro serán libres, e teño dó de min **mesmo**, ancián e pechado tras **estes** barrotes, consumindo os derradeiros días **da** miña vida matando pulgas e comendo cacahuetes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

3ª ESO

Exercicios

<p>Texto 1</p> <p><i>[Esta é como Santa María livrou a abadessa prenhe, que adormecera ant'o seu altar chorando.]</i></p> <p><i>Santa María amar devemos muit'e rogar que a sa graça ponha sobre nós, por que errar nom nos faça, nem pecar, o demo sem vergonha.</i></p> <p>Porende vos contarei dum miragre que achei que por ua abadeasa fez a Madre do gram Rei ca, per com'eu apres'ei, era-xe sua essa. Mas o demo enartar- -a foi, por que empenhar- -s'ouve dum de Bolonha, home que de recadar havia e de guardar seu feit'o e sa besonha.</p> <p><i>Santa María amar devemos muit'e rogar que a sa graça ponha sobre nós, por que errar nom nos faça, nem pecar, o demo sem vergonha.</i></p> <p>As monjas, pois entender Forom esto e saber, houverom gram lediça; ca, porque lles nom sofrer queria de mal fazer havam-lhe maíça. E forom-na acusar ao bispo do logar, e el bem de Colonia chegou i; e pois chamar- -a fez, veo sem vagar, leda e mui risonha.</p> <p><i>Santa María amar devemos muit'e rogar que a sa graça ponha sobre nós, por que errar nom nos faça, nem pecar, o demo sem vergonha.</i></p>	<p>O Bispo lhe diss'assi: “Dona, per quant'aprendi, mui mal vossa fazenda fezestes; e vim aquí por esto, que ante mi façades end'emenda.” Mais a dona sem tardar a Madre de Deus rogar foi; e, come quem sonha, Santa Maria tirar- -lhe fez o filh'e criar- -lo mandou em Sazona.</p> <p><i>Santa María amar devemos muit'e rogar que a sa graça ponha sobre nós, por que errar nom nos faça, nem pecar, o demo sem vergonha.</i></p> <p>Pois s'a dona espertou e sa guarida achou, log'ant'o Bispo veu; e el muito a catou e desnúa-la mandou; e pois que lhe viu o seo, começou Deus a loar e as donas a brasmar, que eram d'ordim d'Onha, dizendo: “Se Deus me ampar por salva poss'esta dar, que nom sei que lh'aponha.”</p> <p><i>Santa María amar devemos muit'e rogar que a sa graça ponha sobre nós, por que errar nom nos faça, nem pecar, o demo sem vergonha.</i></p>	<p>Texto 2</p> <p><i>Esta é de loor.</i></p> <p><i>Santa Maria, strela do dia, mostra-nos via pera Deus e nos guia.</i></p> <p>Ca veer faze-los errados que perder foran per pecados entender de que mui culpados son; mais per ti son perdoados da ousadia que lles fazia fazer folia mais que non deveria.</p> <p><i>Santa Maria, strela do dia, mostra-nos via pera Deus e nos guia.</i></p> <p>Amostrar-nos debes carreira por gãar en toda maneira a sen par luz e verdadeira que tu dar-nos podes senlleira; ca Deus a ti a outorgaria e a querria por ti dar e daria.</p> <p><i>Santa Maria, strela do dia, mostra-nos via pera Deus e nos guia.</i></p> <p>Guiar ben nos pod' o teu siso mais ca ren pera Parayso u Deus ten senpre goy' e riso pora quen en el creer quiso; e prazer-m-ia se te prazia que foss' a mia alm' en tal compannia.</p> <p><i>Santa Maria, strela do dia, mostra-nos via pera Deus e nos guia.</i></p>
---	--	--

1. Resume as dúas cantigas.
2. Di cal é lírica e cal é narrativa xustificando a resposta. Que teñen en común e que teñen diferente?

LINGUA GALEGA E LITERATURA

4º ESO

Exercicios

1. Comenta o seguinte poema de Celso Emilio Ferreiro (debes seguir o esquema de comentario que temos da primeira avaliación)

Os Fuxidivos

Ás veces, unhos homes
que non saben sorrir, pasan de longo
levando tras de sí os cás da noite.

Van calados e vougos, de pasada
polo meio da xente, ouvindo voces
que baixan das estrelas entre sombras.

Un medo antigo dorme
sobre as escuras fiestras da paisaxe
e coma espadas núas alá lonxe
outros homes camiñan silandeiros,
sin acougo, esculcando o ár inmobre,
furando con furor as fuxidivas
pisadas temerosas dos que foxen.

Chegan, pasan e pérdense
ao longo da serán, mais ninguén volve
velos pasar xa máis polos camiños
feridos de silencio baixo a noite.

- Debes fixarte en:
 - Os *fuxidivos, fuxidos ou maquis eran republicanos que, unha vez perdida a Guerra Civil, se botaron ao monte para seguir loitando e/ou conservar a vida.
 - No poema hai unha clara antítese entre “unhos homes” e “outros homes”. Relaciónao co contexto histórico, di quen son uns e os outros. Que características teñen cada un dos grupos?
 - Por que di ao final que os camiños están “feridos de silencio baixo a noite”.
 - Observa de maneira especial o vocabulario e os símbolos característicos deste autor que aparecen no poema.